

Martes, 12 de novembro de 2024

Núm. 220

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PORRIÑO, O
Persoal, oposicións

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES
DOCUMENTO:
Data inicio de exposición: 12-11-2024
Data final de exposición: 13-01-2025
O Porriño, a de de

*CORRECCIÓN ERRO DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCESO
SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE OFICIAL 1ª ALBANEL*

Mediante resolución de alcaldía núm.: 2024-3358 de data: 07/11/2024, que se transcribe a continuación, RECTIFÍCASE de oficio un erro cometido na parte resolutiva da resolución núm.: 2024-3217 de data 23/10/2024, publicada no BOPPO nº 214 de 04/11/2024.

*“DECRETO DE MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO,
(PONTEVEDRA).*

Expediente núm.:1115/2022.

Visto que no BOPPO nº 214 de 04/11/2024 publicouse a resolución desta alcaldía núm.: 2024-3217 de data 23/10/2024, polo que se resolveu aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura definitiva, da praza de persoal laboral fixo da plantilla, denominada OFICIAL 1ª ALBANEL, incluída na Oferta Pública de Emprego do ano 2021 e que se corresponde co posto nº 05.01.00.04. da Relación de Postos de Traballo (RPT), que contén un erro material na parte resolutiva, concretamente no apartado CUARTO, consistente en:

Onde di:

CUARTO.- Convocar aos opositores para a realización do primeiro exercicio test, con carácter obrigatorio e eliminatorio, que terá lugar o día 21 de novembro de 2024, ás 10:00 horas, no Salón de Plenos do Concello do Porriño, sito na rúa Ribeira s/n, Torneiros, O Porriño.

Debe dicir:

CUARTO.- Convocar aos opositores para a realización do primeiro exercicio test, con carácter obrigatorio e eliminatorio, que terá lugar o día 21 de novembro de 2024, ás 10:00 horas, no Salón de Plenos do Concello do Porriño, sito na rúa Antonio Palacios núm.1, O Porriño

Considerando que o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, establece que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes no seus actos.

Esta Alcaldía de conformidade co precepto citado e en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.1 g) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, 24.d) do RDL 781/1986, de 18 de abril e 41.14 do ROF,



Martes, 12 de novembro de 2024

Núm. 220

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Rectificar de oficio o erro anteriormente indicado quedando o apartado CUARTO, do seguinte xeito:

CUARTO.- Convocar aos opositores para a realización do primeiro exercicio test, con carácter obrigatorio e eliminatorio, que terá lugar o día 21 de novembro de 2024, ás 10:00 horas, no Salón de Plenos do Concello do Porriño, sito na rúa Antonio Palacios núm. 1, O Porriño.

SEGUNDO.- Manter en todos os seus termos a citada resolución núm.: 2024-3217 de data 23/10/2024 aprobatorio da lista definitiva, agás no que se corrixe nesta resolución.

TERCEIRO.- A presente resolución publicárase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

CUARTO.- Os prazos dos recursos ofrecidos contra a citada resolución que se corrixe comezarán a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución nos citados taboleiros.”

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:YA-JAG7NTQYWZ0ZYM

